

**Lexislación:**

-Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais.

-Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros.

-Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

-Orde do 18 de agosto de 2000 pola que se aproba o Estatuto básico dos centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Centro:**

Residencias de maiores	Localidade	Enderezo/Teléfono
A Coruña		
R. de Carballo	Carballo	Praza de Vigo, s/n, 981 70 32 56
R. de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Porta do Camiño, As Rodas, 981 58 30 00
R. de Ferrol	Ferrol	Pardo Bazán, s/n, 981 31 62 11
Asistidos da Terceira Idade de Oleiros	Oleiros	Lugar de Pousada, 981 63 17 77
Torrente Ballester	A Coruña	Adormideras, s/n, 981 22 63 67
R. da Pobra do Caramiñal	A Pobra do Caramiñal	Rúa Venecia, s/n, 981 83 27 03
Lugo		
As Gándaras	Lugo	As Gándaras, s/n, 982 22 83 91
R. de Monforte de Lemos	Monforte de Lemos	Paseo do Malecón, s/n, 982 41 02 11
R. de Burela	Burela	Rosalía de Castro, s/n, 982 58 18 06
A Milagrosa	Lugo	Rúa Curros Enríquez, s/n, 982 21 13 02
Ourense		
R. do Carballiño	O Carballiño	Cornubal, s/n, 988 27 02 70
Nosa Señora dos Miragres	Barbadás	R/ Bardanes, C. de Vaca, 156, 988 22 77 37
R. de Castro Caldelas	Castro Caldelas	Devesa do Conde, s/n, 988 20 33 45
Pontevedra		
R. da Estrada	A Estrada	Praza Martínez Anido, nº 3, 986 57 15 96
R. de Vigo Arieiro	Vigo	Arieiro, s/n, Bembrive, 986 37 41 41
Vigo-O Meixoeiro	Vigo	Estrada Madrid-Ourense, s/n, 986 25 35 11
R. de Marín	Marín	Ezequiel Massoni, nº 19, 986 89 12 88
R. de Campolongo	Pontevedra	Rúa Fernández Ladreda, nº 26, 986 86 02 06

**Cumprimento de compromisos:**

Os resultados anuais da avaliación dos indicadores publicaranse na páxina web da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Páxina web: [www.xunta.es/vicepresidencia](http://www.xunta.es/vicepresidencia).

**Participación dos cidadáns:**

A colaboración que se espera recibir dos cidadáns canalizarase a través dos órganos de participación dos usuarios ou familiares, segundo o que se recolla no regulamento de réxime interno e a través das caixas de suxestións ou no correo electrónico da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 16 de outubro de 2006 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración e os procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión.*

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece nos seus artigos 55 e 69 que as comunidades autónomas poderán establecer retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión.

En desenvolvemento do anterior publicouse a Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, que establece a capacidade do consello social para acordar, dentro dos límites fixados pola comunidade autónoma, a asignación singular e individualizada de retribucións adicionais ligadas a méritos docentes, investigadores e de xestión, e o Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, que establece estas retribucións adicionais para o profesorado contratado das universidades.

Posteriormente publicouse o Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, remitindo nos seus artigos 4 e 8 e na súa disposición transitoria a un protocolo de avaliación dos méritos e circunstancias específicas destes complementos retributivos.

O protocolo de avaliación que se publica a través desta orde afecta os dous complementos pendentes de desenvolvemento: o de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora e o de recoñecemento polos cargos de xestión. Complétase así o desenvolvemento dos catro complementos establecidos polo citado Decreto 55/2004, xa que o complemento de recoñecemento ao labor docente e o complemento de recoñecemento ao labor investigador, foron desenvolvidos con anterioridade a través da Orde do 16 de abril de 2004, modificada pola do 11 de abril de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de maio), pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os referidos complementos.

A finalidade desta regulación é a de recoñecer, fomentar e incentivar a actividade docente, investigadora e de xestión de calidade do persoal docente e investigador das universidades públicas de Galicia, polo que se desenvolven estes complementos

dirixidos a operar sobre as áreas máis significativas da actividade do persoal docente e investigador: docencia, investigación e xestión.

Nesta orde regúlanse dous procedementos, ligados entre si, pero claramente diferentes. Por un lado, o procedemento de valoración previa de méritos e circunstancias que vai realizar a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e por outro a asignación dos referidos complementos polos consellos sociais das universidades, a proposta dos respectivos consellos de goberno, diferenciando así os actos administrativos que emite cada administración e dos cales derivarán os correspondentes recursos.

Por último a consellería establece o réxime de convocatorias que deberá realizar a ACSUG e os efectos económicos do pagamento en caso de que as universidades asignen os referidos complementos.

O 25 de setembro de 2006, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia dá traslado dos acordos do Consello de Dirección e da CGIACA relativos á aprobación do protocolo de valoración referente aos complementos retributivos que agora se desenvolven.

En virtude do anterior, así como no disposto na disposición derradeira primeira do Decreto 55/2004, esta consellería

## *DISPÓN:*

### Capítulo I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é publicar o protocolo de avaliación a que se refire o artigo 8 do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, para o efecto de que os profesores coñezan os criterios, méritos e procedemento de valoración previa das solicitudes pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e posterior asignación polas universidades dos complementos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora e complemento de recoñecemento polos cargos de xestión.

##### Artigo 2º.-Destinatarios.

1. De acordo co establecido no artigo 6.3º do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, establécense como requisitos específicos para solicitar o complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora polo persoal docente e investigador das universidades públicas do sistema universitario de Galicia:

1º Estar integrado no cadro do persoal docente de calquera das universidades públicas de Galicia.

2º Que a súa praza sexa fixa e estable, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei.

3º Acreditar, polo menos, un ano de servizo na súa praza.

4º Ter recoñecidos dous quinquenios de docencia pola universidade pública.

5º Ter recoñecido un sexenio de investigación pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora.

2. De acordo co establecido no artigo 6.4º do Decreto 55/2004, do 4 de marzo, establécense como requisitos específicos para solicitar o complemento de recoñecemento polos cargos de xestión polo persoal docente e investigador das universidades públicas do sistema universitario de Galicia:

1º Ter desempeñado algún dos seguintes cargos: reitor de universidade, vicerreitor ou secretario xeral da universidade, decano ou director de facultade, escola técnica superior ou escola universitaria; vicedecano, subdirector ou secretario de facultade, escola técnica superior ou escola universitaria, director de departamento e secretario de departamentos, director de instituto universitario ou calquera outro cargo previa equiparación realizada pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación.

2º Ter cesado no cargo por causa legal non derivada da comisión de delito ou falta no desempeño das funcións propias deste.

##### Artigo 3º.-Retribucións.

1. De conformidade cos artigos 4 e 5 e a disposición derradeira primeira do Decreto 55/2004, esta consellería establecerá anualmente a contía retributiva dos tramos para os diferentes complementos.

2. En relación ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora, as retribucións que corresponda percibir aos solicitantes, en función dos tramos que obtivesen coa puntuación alcanzada na valoración básica a que se fai referencia no artigo 5º, serán consolidables. As retribucións que correspondan, en función dos tramos que obtivesen coa puntuación alcanzada na valoración adicional, percibiranse durante un período máximo de cinco anos.

3. En relación ao complemento de recoñecemento polos cargos de xestión, as retribucións que corresponda percibir aos solicitantes en función dos tramos obtidos serán consolidables.

### Capítulo II

Protocolo de avaliación relativo aos criterios e méritos de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora

##### Artigo 4º.-Período de valoración.

1. Os interesados poderán solicitar á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) a valoración da excelencia curricular sobre a actividade docente e investigadora desenvolvida por eles nos últimos cinco anos naturais anteriores á data fixada na convocatoria e posteriores á avaliación anterior.

2. Non obstante, na primeira avaliación os solicitantes poderán alegar, para os efectos da valoración básica a que se fai referencia no artigo 5º, a totalidade dos quinquenios de docencia e sexenios de investigación que tivesen recoñecidos legalmente.

3. Transcorridos tres anos desde a obtención da avaliación, e sempre que nese período se acadasen novos méritos alegables como puntuación básica, o interesado poderá solicitar unha reavaliación, que substituirá a anterior. Esta nova valoración seguirá a norma habitual, atendendo ás actividades docentes e investigadoras desenvolvidas nos cinco anos anteriores á data da convocatoria.

Artigo 5º.-Modalidades e criterios de valoración.

Distinguiranse dúas modalidades de valoración: a básica e a adicional.

1. Valoración básica: nesta epígrafe teranse en conta única e exclusivamente os méritos e criterios que a continuación se indican:

\* Docencia: quinquenios docentes recoñecidos polas universidades públicas. Cada quinquenio valorarase con 0,75 puntos.

\* Investigación: sexenios de investigación recoñecidos pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora. Cada sexenio valorarase con 1 punto.

Tendo en conta que a posesión de dous quinquenios de docencia e un sexenio de investigación son requisitos mínimos de presentación, exclúense da regra anterior, sendo valorados conxuntamente en 1 punto.

2. Valoración adicional: teranse en conta os méritos e condicións que a continuación se relacionan:

\* Docencia: valoraranse os méritos relativos á formación, innovación e xestión docente, tendo en conta a especificidade de cada campo científico e a docencia impartida, de acordo coa relación de méritos fixados anualmente pola CGIACA. A puntuación máxima que se poderá outorgar nesta epígrafe será de 2,5 puntos. Limitase a seis o número de méritos que poderán presentar os solicitantes para este compoñente.

\* Investigación e transferencia de coñecemento: valorarase a experiencia investigadora, a mobilidade, a transferencia e a divulgación de coñecemento, tendo en conta a especificidade de cada campo científico e de acordo coa relación de méritos fixados anualmente pola CGIACA. A puntuación máxima que se poderá outorgar nesta epígrafe será de 2,5 puntos. Limitase a seis o número de méritos que poderán presentar os solicitantes para este compoñente; dos cales non poderán presentar máis de catro na epígrafe de investigación nin máis de catro no de transferencia e divulgación do coñecemento.

Para a valoración dos méritos terase en conta especificamente a calidade das achegas.

3. A valoración final será, o resultado da suma das valoracións básicas e adicionais.

Artigo 6º.-Obtención e consolidación de tramos.

1. Os solicitantes poderán obter un máximo de 14 tramos.

2. A obtención de tramos por parte do solicitante corresponderase co número de puntos enteiros (sen decimais) acadados por este na valoración final; de xeito que cada punto equivale a un tramo. Porén, os valores iguais ou superiores a 0,75, agás para os efectos de consolidación, serán considerados como un punto.

3. Para efectos da consolidación dos tramos, diferénciase entre a puntuación alcanzada coa valoración básica e a alcanzada coa valoración adicional. Neste sentido só se consolidarán os tramos correspondentes á puntuación obtida na valoración básica; as retribucións correspondentes aos tramos obtidos pola puntuación alcanzada na valoración adicional só se percibirán durante un período máximo de cinco anos.

Artigo 7º.-Comités de asesores expertos.

1. Tal e como se recolle no artigo 11º da presente orde, a Comisión Galega de Informes, Avaliación e Certificación será o órgano encargado da emisión da proposta motivada da valoración do complemento ao recoñecemento da excelencia curricular.

2. Para a realización desta función, e con carácter previo á emisión da proposta motivada, contará con comités de asesores expertos.

3. O número de comités será de 5 (comités de: Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde, Ensinanzas Técnicas e Humanidades) que se fan coincidir cos cinco grandes campos científicos nos cales se recollen todas as áreas de coñecemento. A distribución das áreas de coñecemento nos cinco grandes campos científicos será a que aparece reflectida no anexo I.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, e atendendo ao número de solicitudes que poidan presentarse en relación ás distintas áreas de coñecemento, poderán subdividirse os campos científicos, constituíndose novos comités.

4. Os comités estarán constituídos por 5 membros, dos que un deles será o presidente, outro o secretario e os tres restantes serán vogais. En cada comité, o presidente será designado pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e o secretario será o membro de menor idade.

Para que os comités se entendan validamente constituídos e poidan adoptar acordos, deberán estar presentes polo menos 3 dos seus membros.

Igualmente, no caso de subdivisión de campos científicos, os comités resultantes estarán constituídos por 3 membros, dos que un será o presidente e os dous restantes serán vogais.

5. Para formar parte dos comités será requisito ser profesor de universidade, ter consolidados un mínimo de tres compoñentes por méritos docentes (quinquenios de docencia) así como tres tramos do complemento de produtividade (sexenios de inves-

tigación), consonte ao disposto no artigo 2, apartados 3º c) e 4º do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, e non pertencer ao sistema universitario de Galicia. Este último requisito non será de aplicación para os presidentes dos comités.

6. A selección dos membros dos comités farase, por parte da CGIACA, a partir das listaxes dos profesores de cada ámbito científico que cumpran cos requisitos mencionados no parágrafo anterior.

7. A valoración do curriculum dos solicitantes asignarase, en función da área de coñecemento, ao comité ao que corresponda en función da distribución das áreas recollidas no anexo I.

8. A ACSUG, a través da CGIACA, daralles traslado aos comités de asesores expertos dos expedientes que fosen admitidos a trámite, para que emitan o informe dos curricula que entregarán á CGIACA.

### Capítulo III

Protocolo de avaliación relativo aos criterios e méritos de recoñecemento polos cargos de xestión

Artigo 8º.-Período de avaliación.

1. As avaliacións relacionadas co desempeño dos cargos de xestión recollidos no anexo II realizaranse, en cómputo mensual, sobre a actividade desenvolvida ao longo dos anos anteriores ao da data fixada na convocatoria e posteriores á avaliación anterior. Para solicitar esta primeira avaliación será preciso ter cesado ou cumprido un mandato nun dos cargos relacionados ou asimilados.

Unicamente poderán asimilarse aos cargos recollidos no anexo II, aqueles que aparecieran ou aparezan reflectidos especificamente nos orzamentos das universidades con similar consignación orzamentaria en concepto de complemento retributivo.

2. Finalizado un novo mandato ou período de desempeño dalgún dos cargos aos que se fai referencia no parágrafo anterior e, sempre que o devandito período sexa computable para os efectos do presente complemento, poderá solicitarse unha nova valoración.

Artigo 9º.-Obtención e consolidación de tramos.

1. Os solicitantes poderán obter un máximo de 8 tramos.

2. A obtención de tramos por parte do solicitante corresponderase co número de puntos cun decimal acadados por este na valoración dos seus méritos; de xeito que cada punto equivale a un tramo.

3. Para ter dereito ao percibo do presente complemento por cargos de xestión será precisa a obtención dun mínimo de 0,5 puntos.

4. As retribucións que corresponda percibir aos solicitantes en función dos tramos obtidos serán consolidables.

Artigo 10º.-Criterios de avaliación.

1. A valoración dos méritos relativos á ocupación de cargos de xestión realizarase de acordo cos criterios fixados no anexo III.

2. No caso de desempeño simultáneo de dous cargos de xestión, terase en conta exclusivamente o de maior rango de acordo cos criterios fixados no anexo II.

### Capítulo IV

#### Procedemento común

Artigo 11º.-Procedemento de solicitude da valoración previa ante a ACSUG.

1. Os interesados deberán solicitar á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) a valoración previa a que fai referencia o artigo 8.2º do Decreto 55/2004, do 22 de marzo, necesaria para o recoñecemento do complemento ao recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora e do complemento de recoñecemento polos cargos de xestión.

A través das respectivas convocatorias estableceranse os modelos normalizados de solicitude, así como a documentación xustificativa que deberá acompañar esta, modo de presentación, número de copias e demais cuestións deste índole.

2. Unha vez estea a documentación en posesión da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, seralle remitida á Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación que, tras o estudo, análise, verificación e certificación dos méritos en que se sustenta a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 5º e 9º desta orde, emitirá as correspondentes propostas de valoración dos complementos que, de ser o caso, se soliciten, de conformidade cos protocolos de avaliación destes establecidos nos títulos II e III da presente orde. As propostas da Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación deberán estar motivadas e serán vinculantes para o Consello de Dirección da Axencia.

3. O Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia emitirá os respectivos acordos nos cales se conteñan as valoracións dos méritos en que se sustentan as solicitudes, para o que fará súas as propostas motivadas e vinculantes elaboradas pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación. O prazo máximo para a adopción dos citados acordos será de seis meses.

Estes acordos, que serán notificados pola ACSUG a cada solicitante, persoal e directamente, poñen fin á vía administrativa polo que, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRX-PAC), poderán ser obxecto de recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa.

4. O Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia realizará unha convocatoria anual ordinaria de valoración previa á asignación dos complementos retributivos, sen prexuízo das convocatorias extraordi-

narias que se fagan, por causas excepcionais e debidamente motivadas, respectándose os requisitos formais de tramitación previstos para as convocatorias ordinarias.

En cada convocatoria de valoración previa establecerase a data concreta na cal os solicitantes deberán ter acadados os diferentes méritos e cumprido o requisito establecido no artigo 6, puntos 3.1. do Decreto 55/2004, do 4 de marzo.

Artigo 12º.-Asignación dos complementos polas universidades.

Os acordos de avaliación adoptados polo Consello de Dirección da ACSUG, cando resulten positivos, serán notificados directamente pola ACSUG ás correspondentes universidades. Os consellos sociais das universidades, por proposta do seus respectivos consellos de goberno, acordarán a asignación singular e individual dos referidos complementos, nos casos que proceda, dentro das modalidades e coas limitacións previstas no Decreto 55/2004, do 4 de marzo, que poderán ser impugnados polos interesados.

Cando, de conformidade co disposto no parágrafo anterior, se proceda á asignación dos referidos complementos, o pagamento das correspondentes retribucións farase cos efectos sinalados en cada convocatoria de valoración previa.

#### *Disposicións transitorias*

Primeira.-Convocatorias.

Non obstante o disposto no artigo 11º.4, a primeira convocatoria ordinaria correspondente ao complemento de recoñecemento polos cargos de xestión, efectuarase no ano 2007.

Segunda.-Contía dos tramos.

De acordo co disposto no artigo 3º, a contía retributiva dos tramos correspondentes ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora queda fixada, para o ano 2006, en 400 euros anuais por tramo.

#### *Disposición derradeira*

Vixencia.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

#### *ANEXO I*

Campos científicos e áreas de coñecemento  
Ciencias Sociais e Xurídicas.

030	Antropoloxía Social
040	Biblioteconomía e Documentación
070	Ciencia Política e da Administración

095	Comercialización e Investigación de Mercados
105	Comunicación Audiovisual e Publicidade
125	Dereito Administrativo
130	Dereito Civil
135	Dereito Constitucional
140	Dereito de Traballo e da Seguridade Social
145	Dereito Eclesiástico do Estado
150	Dereito Financeiro e Tributario
155	Dereito Internacional Privado
160	Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais
165	Dereito Mercantil
170	Dereito Penal
175	Dereito Procesual
180	Dereito Romano
187	Didáctica da Expresión
189	Didáctica da Expresión Musical
193	Didáctica da Expresión Plástica
195	Didáctica da Lingua e da Literatura
200	Didáctica da Matemática
205	Didáctica das Ciencias Experimentais
210	Didáctica das Ciencias Sociais
215	Didáctica e Organización Escolar
225	Economía Aplicada
230	Economía Financeira e Contabilidade
235	Economía, Socioloxía e Política Agraria
245	Educación Física e Deportiva
381	Filosofía do Dereito
383	Filosofía Moral
415	Fundamentos de Análise Económica
470	Historia do Dereito e as Institucións
475	Historia do Pensamento e dos Movementos Sociais e Políticos
480	Historia e Institucións Económicas
620	Metodoloxía das Ciencias e do Comportamento
625	Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
650	Organización de empresas
675	Xornalismo
680	Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico
725	Psicobioloxía
730	Psicoloxía Básica
735	Psicoloxía Evolutiva
740	Psicoloxía Social
775	Socioloxía
805	Teoría e Historia da Educación
813	Traballo Social e Servizos Sociais

#### Ciencias Experimentais.

005	Álgebra
015	Análise Matemática
038	Astronomía e Astrofísica
050	Bioloxía Celular
060	Bioquímica e Bioloxía Molecular
063	Botánica
065	Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica
075	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial
120	Cristalografía e Mineraloxía
220	Ecología
240	Edafoloxía e Química Agrícola
247	Electromagnetismo
250	Electrónica
265	Estatística e Investigación Operativa
280	Estratigrafía
315	Farmacoloxía

385	Física Aplicada
390	Física Atómica, Molecular e Nuclear
395	Física da Materia Condensada
398	Física da Terra
405	Física Teórica
410	Fisioloxía
412	Fisioloxía vexetal
420	Xenética
427	Xeodinámica Externa
428	Xeodinámica Interna
430	Xeografía Física
440	Xeometría e Topoloxía
443	Histoloxía
505	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
555	Enxeñaría Química
566	Inmunoloxía
570	Linguaxes e Sistemas Informáticos
595	Matemática Aplicada
600	Mecánica de Fluídos
605	Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estruturas
630	Microbioloxía
640	Nutrición e Bromatoloxía
647	Óptica
655	Paleontoloxía
660	Parasitoloxía
685	Petroloxía e Xeoquímica
700	Produción Animal
705	Produción Vexetal
710	Prospección e Investigación Mineira
750	Química Analítica
755	Química Física
760	Química Inorgánica
765	Química Orgánica
770	Radioloxía e Medicina Física
773	Sanidade Animal
780	Tecnoloxía dos Alimentos
785	Tecnoloxía Electrónica
790	Tecnoloxía do Medio Natural
819	Zooloxía

### Ciencias da Saúde.

020	Anatomía Patolóxica
025	Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas
027	Anatomía e Embrioloxía Humana
028	Antropoloxía Física
050	Bioloxía Celular
060	Bioquímica e Bioloxía Molecular
063	Botánica
090	Cirurgía
183	Dermatoloxía
245	Educación Física e Deportiva
255	Enfermaría
275	Estomatoloxía
310	Farmacía e Tecnoloxía Farmacéutica
315	Farmacoloxía
410	Fisioloxía
413	Fisioterapia
420	Xenética
443	Histoloxía
460	Historia da Ciencia
566	Inmunoloxía

610	Medicina
613	Medicina Legal e Forense
615	Medicina Preventiva e Saúde Pública
617	Medicina e Cirurxía Animal
630	Microbioloxía
640	Nutrición e Bromatoloxía
645	Obstetricia e Xinecoloxía
646	Oftalmoloxía
653	Otorrinolaringoloxía
660	Parasitoloxía
670	Pediatría
725	Psicobioloxía
745	Psiquiatría
770	Radioloxía e Medicina Física
773	Sanidade Animal
807	Toxicoloxía

### Ensinanzas Técnicas.

035	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores
075	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial
083	Ciencias e Técnicas da Navegación
100	Composición Arquitectónica
110	Construcións Arquitectónicas
115	Construcións Navais
250	Electrónica
295	Explotación das Minas
300	Expresión Gráfica
305	Expresión Gráfica na Enxeñaría
495	Enxeñaría Aeroespacial
500	Enxeñaría Agroforestal
505	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
510	Enxeñaría da Construción
515	Enxeñaría dos Procesos de Fabricación
520	Enxeñaría de Sistemas e Automática
525	Enxeñaría de Terreo
530	Enxeñaría e Infraestruturas dos Transportes
535	Enxeñaría Eléctrica
540	Enxeñaría Hidráulica
545	Enxeñaría Mecánica
550	Enxeñaría Nuclear
555	Enxeñaría Química
560	Enxeñaría Telemática
565	Enxeñaría Têxtil e Papeleira
570	Linguaxes de Sistemas Informáticos
590	Máquinas e Motores Térmicos
600	Mecánica de Fluídos
605	Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estruturas
700	Produción Animal
705	Produción Vexetal
710	Prospección e Investigación Mineira
715	Proxectos Arquitectónicos
720	Proxectos de Enxeñaría
780	Tecnoloxía de Alimentos
785	Tecnoloxía Electrónica
800	Teoría do Sinal e Comunicación
815	Urbanística e Ordenación do Territorio

## Humanidades.

010	Análise Xeográfica Rexional
033	Arqueoloxía
085	Ciencias e Técnicas Historiográficas
185	Debuxo
260	Escultura
270	Estética e Teoría das Artes
285	Estudos Árabes e Islámicos
290	Estudos Hebreos e Arameos
320	Filoloxía Alemana
325	Filoloxía Catalá
327	Filoloxía Eslava
335	Filoloxía Francesa
340	Filoloxía Grega
345	Filoloxía Inglesa
350	Filoloxía Italiana
355	Filoloxía Latina
360	Filoloxía Románica
365	Filoloxía Vasca
370	Filoloxía Galega e Portuguesa
375	Filosofía
381	Filosofía do Dereito
383	Filosofía Moral
435	Xeografía Humana
445	Historia Antiga
450	Historia Contemporánea
455	Historia de América
460	Historia da Ciencia
465	Historia da Arte
485	Historia Medieval
490	Historia Moderna
567	Lingua Española
568	Lingua e Cultura do Extremo Oriente
575	Lingüística Xeral
580	Lingüística Indoeuropea
583	Literatura Española
585	Lóxica da Filosofía da Ciencia
635	Música
690	Pintura
695	Prehistoria
796	Teoría da Literatura Comparada
814	Tradución e Interpretación

Pertencentes a dous campos científicos.  
Ciencias Sociais e Xurídicas e Humanidades.

381	Filosofía do Dereito
383	Filosofía Moral

## Ciencias Sociais e Xurídicas e Saúde.

245	Educación Física e Deportiva
725	Psicobioloxía

## Ciencias da Saúde e Humanidades.

460	Historia da Ciencia
-----	---------------------

## Ciencias Experimentais e Saúde.

050	Bioloxía Celular
060	Bioquímica e Bioloxía Molecular
063	Botánica
315	Farmacoloxía
410	Fisioloxía
420	Xenética
443	Histoloxía
566	Imunoloxía
630	Microbioloxía
640	Nutrición e Bromatoloxía
660	Parasitoloxía
770	Radioloxía e Medicina Física
773	Sanidade Animal

## Ciencias Experimentais e Ensinanzas Técnicas.

075	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial
250	Electrónica
505	Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
555	Enxeñaría Química
570	Linguaxes de Sistemas Informáticos
600	Mecánica de Fluídos
605	Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estructuras
700	Producción Animal
705	Producción Vexetal
710	Prospección e Investigación Mineira
780	Tecnoloxía de Alimentos
785	Tecnoloxía Electrónica

## ANEXO II

## Cargos de xestión

Reitor
Vicerreitor ou secretario xeral da universidade/similar
Decano ou director de facultade, escola técnica superior, escola universitaria ou colexio universitario/similar
Vicedecano, subdirector ou secretario de facultade, escola técnica superior, escola universitaria ou colexio universitario/similar
Director de departamento universitario/similar
Secretario de departamento/similar
Director de instituto universitario/similar
Coordinador do Curso de Orientación Universitaria/similar

## ANEXO III

## Equivalencias

Cargo	Anos	Puntos
Reitor	12 meses	1 punto
Vicerreitor/secretario xeral de universidade	12 meses	0,80 puntos
Decano	12 meses	0,50 puntos
Director departamento	12 meses	0,40 puntos
Vicedecano/subdirector/secretario de facultade	12 meses	0,30 puntos

Cargo	Anos	Puntos
Secretario departamento	12 meses	0,25 puntos
Director instituto	12 meses	0,30 puntos
Coordinador COU	12 meses	0,15 puntos

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

### b) NOMEAMENTOS:

#### UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Resolución do 4 de outubro de 2006 pola que se nomea xerente da Universidade de Santiago de Compostela.*

En virtude das atribucións que lle están conferidas polo ordenamento xurídico vixente, de conformidade co artigo 23 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e do artigo 92.2º dos estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, logo de acordo do Consello Social do 29 de setembro de 2006,

Esta reitoría resolve nomear xerente da Universidade de Santiago de Compostela a Pedro García Moreno.

De acordo co artigo 71 dos estatutos da USC o xerente ten a consideración de alto cargo.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2006.

Senén Barro Ameneiro  
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 11 de outubro de 2006 pola que se resolve a do 16 de maio de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 30 de maio) de convocatoria de axudas ás universidades galegas para a organización de congresos, simposios, xornadas e similares que favorezan a produción, divulgación e intercambio do coñecemento científico, así como a proxección da actividade de investigación universitaria, tanto no ámbito local como no nacional e internacional.*

Pola Orde do 16 de maio de 2006 (DOG do 30 de maio), convocáronse axudas ás universidades galegas para a organización de congresos, simposios, xornadas e similares que favorezan a produción, divulgación e intercambio do coñecemento científico, así como a proxección da actividade de investigación universitaria, tanto no ámbito local como no nacional e internacional.

Na súa virtude, de acordo co establecido no artigo 9 da orde de convocatoria, e atendendo ao informe-proposta elevado pola comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do SUG, esta consellería

#### RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles axudas ás universidades galegas que a continuación se relacionan para a realización dos eventos solicitados e na contía que se indica en cada caso.

#### Universidade da Coruña

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	ACTIVIDADE	CONTÍA PROPOSTA
2006/000026-0	AREAN LALÍN, MANUEL	2º CONGRESO SOBRE O DEREITO MERCANTIL DE GALICIA	1.200 €
2006/000075-0	BAÑA CASTRO, MANOEL	DIAGNÓSTICO, ATENCIÓN E INTERVENCIÓN EN PERSOAS CON TEAS E TXDS	1.500 €
2006/000024-0	BARBEITO ROIBAL, SUSANA	II XORNADAS SOBRE BOLSA E MERCADOS FINANCIEROS	1.500 €
2006/000016-0	BARRAL LOSADA, LUIS FERNANDO	3º CONGRESO NACIONAL DE JÓVENES INVESTIGADORES 2006	2.500 €
2006/000029-0	BELLO ACEBRÓN, LAURENTINO	III JORNADAS DE MARKETING DE CIUDADES, IMAGEN Y TERRITORIO	2.500 €
2006/000018-0	BUENO AGUILAR, JUAN JOSE	II XORNADAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NOS ESTUDOS SUPERIORES	1.500 €
2006/000074-0	BUSTO LAGO, JOSÉ MANUEL E.	XORNADA DE DEREITO DE CONSUMO: SERVIZOS FINANCIEROS, VIVENDA, BENS DE CONSUMO	1.000 €
2006/000021-0	CANLE LÓPEZ, MOISÉS	II CICLO DE CONFERENCIAS-COLOQUIO FRONTEIRAS DA CIENCIA	1.500 €
2006/000078-0	CASTEDO RIBAS, LUIS	JORNADAS NACIONALES DEL ÁREA DE TEORÍA DE LA SEÑAL Y COMUNICACIONES	1.500 €
2006/000044-0	DE DIOS VIÉTEZ, VICTORIA	JORNADAS SOBRE DEONTOLOGÍA JURÍDICA Y SALIDAS PROFESIONALES	1.500 €
2006/000003-0	DEL CASTILLO OBESO, MARÍA	V CONGRESO INTERNACIONAL DE ACTIVIDADES FÍSICAS COOPERATIVAS	1.200 €
2006/000010-0	GARCÍA MIRA, RICARDO	AULAS NA COSTA DA MORTE III	1.500 €
2006/000067-0	GARCÍA-PITA LASTRES, JOSÉ LUIS	II JORNADAS SOBRE DERECHO DE SEGUROS: SEGURO Y TRÁFICO MARÍTIMO	1.500 €
2006/000009-0	GONZÁLEZ LAXE, FERNANDO	XORNADA SOBRE PORTOS DE ABASTECIMENTO ENERXÉTICO. ECOEFICIENCIA	1.036 €
2006/000007-0	GONZÁLEZ VALEIRO, MIGUEL ÁNGEL	IV CONGRESO DE LA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE CIENCIAS DEL DEPORTE	3.500 €
2006/000063-0	JUNCO OCAMPO, FERNANDO	II XORNADAS SOBRE CONTAMINACIÓN MARIÑA	1.500 €
2006/000043-0	LORENZO MODIA, MARÍA JESÚS	INTERNATIONAL CONFERENCE ON CULTURAL AND HISTORICAL RELATIONS BETWEEN AUSTRALIA AND GALICIA	2.500 €
2006/000008-0	LÓPEZ CRIADO, FIDEL	VII CONGRESO INTERNACIONAL DE LITERATURA ESPAÑOLA CONTEMPORÁNEA	1.200 €
2006/000037-0	MARTÍNEZ CARBALLO, MANUEL	III JORNADAS SOBRE LA CALIDAD. IMPLANTACIÓN DE LA NORMA ISO 9001:2000	1.500 €
2006/000012-0	MARTÍNEZ LOSADA, CRISTINA	IV XORNADAS DE EDUCACIÓN CIENTÍFICA: ENTRE O COTIÁN EO SOSTIBLE	591 €
2006/000072-0	MOSQUERA GENDE, INGRID	PERIPHERAL CULTURES: A PHILOLOGICAL PERSPECTIVE	2.500 €
2006/000030-0	MUIÑO BOEDO, RAMÓN	II XORNADAS DE INICIACIÓN AO ANELAMENTO CIENTÍFICO DE AVES	1.500 €
2006/000025-0	NIETO DE ALMEIDA, ARTURO	I XORNADAS SOBRE RISCOS	1.500 €
2006/000027-0	OSO CASAS, LAURA	EMPRESARIADO ÉTNICO Y RELACIONES DE GÉNERO. LOS CASOS DE FRANCIA, ALEMANIA, R. UNIDO Y ESPAÑA	2.500 €
2006/000038-0	PEDREIRA SOUTO, NIEVES	I JORNADAS SOBRE MEDIO AMBIENTE. IMPLANTACIÓN DE LA NORMA ISO 14001:2004	1.500 €
2006/000062-0	PENA AGRAS, JOSÉ DANIEL	II XORNADAS SOBRE EMBARCACIÓNS DE ALTA VELOCIDADE (CARGA E PASAXE)	1.500 €
2006/000071-0	PÉREZ ÁLVAREZ, MIGUEL ÁNGEL	CONGRESO SOBRE DERECHO CIVIL DE GALICIA	1.200 €
2006/000052-0	PÉREZ-CRUZ MARTÍN, AGUSTÍN JESÚS	JORNADAS NACIONALES SOBRE LA REFORMA DE LA JUSTICIA PENAL	1.500 €